



sindicato  
labrego galego  
comisións labregas

membro da:



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela  
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

**Nota de prensa  
do SLG**

**03-06-2009**

## **Censura do programa sobre a problemática das vacas tolas, onte na TVG**

Diante das declaracións verquidas no día de hoxe polo presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijoo, ao respecto da anulación da emisión do capítulo dun programa na TVG sobor do problema das vacas tolas, o SLG quere manifestar o seguinte:

1º O Señor Feijoo non pode argumentar con mentiras a decisión adoptada xa que esgrime qur desde as organizacións agrarias lle fixemos tal solicitude de non emisión do programa, cuestión que desde logo non é certa por parte do SLG, por tanto pedimos explicitamente que aclare cales foron as organizacións que lle fixeron tal demanda e pedímoslle así mesmo que non se escude na xeneralidade para imputar ocultación da información da que o SLG nunca foi partícipe.

2º Por outra banda, argumentar que dita emisión foi suspendida en aras de non crear máis preocupación na sociedade “polo momento que atravesamos o sector” é, desde o noso punto de vista, querer terxiversar e manipular a información da realidade.

No seu día, o Goberno da Xunta de Galiza tamén quixo ocultar o que estaba sucedendo con aquel enterramento masivo de animais, pretendendo responsabilizar aos gandeiros e gandeiras dos problemas de saúde animal e humana que a política agraria que eles apoiaron estaba a provocar.

3º A mesma política agraria que o partido do señor Feijoo segue a defender e que pode provocar o próximo escándalo alimentario, o dos cultivos transxénicos, son os que fan na realidade que acaben querendo ocultar os problemas os mesmos que os provocan, facendo mesmo secuestro da información como parece que o Señor Feijoo esta disposto a seguir facendo.

**Moitas grazas pela vosa atención.**

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

**OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON**

**Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG,**

**TLF: 619 348 426**